




Planeta DeAgostini

Maus

Art Spiegelman

(Premio Pulitzer 1992)

Autor estadounidense de familia xudía, de pais polacos. “Maus” é probablemente un dos tres ou catro mellores álbums de banda deseña dos publicados ata agora. Con aire de fábula –personaxes con cara de rata, gato, etc.- conta ao mesmo tempo a historia dos seus pais, vítimas dos nazis na Polonia ocupada na II Guerra Mundial, e a das súas relacións co seu pai nos anos 70 e 80 nos EE.UU.


Paracuellos

Carlos Giménez


Autobiográfico. *Paracuellos* recrea anécdotas e historias da vida diaria dos nenos que vivían nos fogares do Auxilio Social na posguerra franquista. Tratábase dunha especie de orfanatos onde ían a parar os nenos que quedaran desamparados pola da guerra civil. As historias de *Paracuellos* (nome que corresponde a un dos fogares de Auxilio Social onde se sitúa la acción) baséanse nas vivencias do propio autor, que creceu nun destes centros, e de algúns dos seus compañeiros da infancia, e están estruturados en forma de historietas cortas de entre 2 e 8 páxinas cada unha.



Glenat, 2001



Suxestións



Salamandra 2005

Suite Francesa **Irène Némirovsky**


Esta novela é, sobre todo, memoria e unha catarse da desesperación. Un exercicio moral que reproduce os avatares de Francia dende pouco antes da ocupación alemá, cando xa se presentía a denigración e a tiranía.

Unha muller rusa, exiliada da súa patria, é testemuña do espolio que é o mal. Primeiro os comunistas, logo os nazis. E escribe a desgraza que axeca o corazón do home.

Sueños en el umbral **Fátima Mernisi**

Visión de Marrocos, e dun mundo árabe dende alguén de alí e non dende un occidental. Diferentes puntos de vista de distintas mulleres sobre a vida, os homes, o amor... .

Como chegan e arrasan as culturas occidentais. Como afecta isto ao pensamento e á cultura de Fátima e ás mulleres coas que comparte o día a día. Como unhas o aceptan e intentan loitar contra unhas tradicións que as asfixian e outras o desprezan e se manteñen firmes a uns principios sobre os que se educaron, nos que cren e se ven incapaces de rexeitar.



***El Aleph*, 2003**

Literatura Adultos

Emigrantes **Shaun Tan**

¿Que é o que leva a tanta xente a deixalo todo atrás para viaxar cara a un país descoñecido, un lugar no que non teñen familia nin amigos, onde nada ten nome e o futuro é unha incógnita? Esta novela gráfica, sen palabras é a historia de calquera emigrante, refuxiado, desprazado, e un homenaxe a todos os que realizaron a viaxe.

Unha obra absolutamente xenial.



***Bárbara Fiore*, 2007**

Cena con Ana Karenina **Gloria Goldreich**

Seis mulleres reúnen arredor dunha boa cea e un bo viño para celebrar a primeira reunión do ano no seu club de lectura.

Ao longo dun ano, a través das súas reunións e conversacións sobre as obras de Tolstoi, Nabokov, Flaubert e Plath, as seis mulleres revelan os seus sonhos, exteriorizan os seus problemas e as verdades que levan tempo agochando, e ao facelo, tratan de reunir o valor necesario para pasar páxina nas súas vidas.



***Maeva*, 2007**